



REGULAMENTO DO VI TROFEO CONCELLO DE PONTEVEDRA DE NATACIÓN SINCRONIZADA

LUGAR E DÍA DE CELEBRACIÓN:

Piscina da Escola Naval Militar de Marín

Sábado 24 de Maio de 2014

OBXECTIVO:

O obxectivo deste trofeo é a promoción e a difusión da natación sincronizada na Comunidade Galega. Consistirá nunha competición de equipos e combos de Escola e Base.

HORARIO:

Enviarse unha vez rematado o prazo de inscrición e farase nunha ou en dúas sesións en función do número de participantes.

Dez minutos antes do inicio da competición as participantes e adestradoras deberán abandonar o vaso e a praia da piscina, ubicándose no espazo reservado para cada club. A entidade organizadora, disporá do persoal necesario para axudar na secretaría e demais funcións (comprobar puntuacións, anotar, realizar operacións, entrada das nadadoras na auga, etc.).

O aforo estará limitado a un público máximo de 200 persoas por xornada, previa presentación das invitacións que serán repartidas aos Clubs en número proporcional á cantidade de nadadoras presentadas.

A entrega de premios e o desfile farase ao final de cada unha das xornadas.

CATEGORÍAS E FÓRMULA DE COMPETICIÓN

1. Participantes:

Poderán participar todos aqueles Clubs e Escolas interesadas. Cada Club/Escola participante deberá correr cos gastos da viaxe e comida das súas nadadoras.

A organización correrá cos gastos de xuíces e dos trofeos.

Cada club poderá participar cunha Rutina Libre de Equipo e Combo de cada categoría.

2. Categorías:

- **Escola:** nadadoras que están a iniciarse nesta modalidade deportiva e non teñen superada a Guía 2 da Normativa de Niveis. Nadadoras nadas no ano 2004 e posteriores.

Presentaranse Rutinas Libres de Equipo e Combinadas a partir de 4 nadadoras (con penalización de 0,5 por cada nadadora que falte ata 8 no caso dos equipos) e sen considerar os límites de tempo regulamentarios (tempo de paseo, entrada na auga e duración da rutina).

- **Base:** Seguindo a Normativa establecida pola FEGAN.

*Non é obrigatorio a execución dos elementos técnicos requiridos na normativa da FEGAN para as Rutinas Combinadas.

3. Sistema de puntuación:

Puntuarase según o Regulamento da RFEN, por un panel formado por tres xuíces locais como mínimo.

4. Trofeos:

Entregaranse medallas as tres mellores rutinas clasificadas de cada categoría.

INSCRIPCIONES

1. **Preinscricións:** por medio de correo electrónico a:

presidente@cnsincropontevedra.com indicando a modalidade (equipo e/ou combo), a categoría e o número de nadadoras totais.

O prazo máximo ata o 10 de Abril de 2014.

2. **Inscricións:** remitiranse (según modelo que se achega) por correo electrónico a: presidente@cnsincropontevedra.com indicando claramente o nome das nadadoras a categoría e a modalidade de rutina na que participan.

O prazo máximo será ata o 2 de Maio de 2014, non se aceptarán inscricións fóra de prazo.

Atentamente, saúdalles:

M^a Teresa Pérez Couselo

Presidenta do Club Natación Sincronizada Pontevedra.